

## A TOPONIMIA NA TERRA CHÁ LUCENSE NO CONCELLO DE GUITIRIZ

Fernando Vázquez López  
*Filólogo. Técnico de Campo do Proxecto Toponimia de Galicia*

O concello de Guitiriz, cunha extensión de 293,58 km<sup>2</sup>, ten unha poboación total de aproximadamente 6.500 habitantes, que se distribúe nuns 310 núcleos. O espallamento da poboación evidénciase neste concello onde, nun total de 18 parroquias, soamente existen seis núcleos que superan os 50 habitantes.

### 1. Toponimia e Territorio

As parroquias nas que se actuou foron: O Buriz (San Pedro), Labrada (Santa María), Lagostelle (San Xoán), Mariz (Santa Eulalia), Parga (San Estevo), Santa Mariña de Lagostelle (Santa Mariña), O Vilar (Santa María) e Os Vilares (San Vicenzo).

A actual denominación do concello data de 1945. Ata ese ano chamábase de *Trasparga* e incluso a capitalidade é recente xa que a vila de Guitiriz non acolleu a casa do concello ata 1928.

Concello	Extensión	Parroquias	Entidades	Entid < 50 hab
Guitiriz	293,58	18	310	304

Xeograficamente este concello goza dunha situación estratéxica froito da súa centralización e das importantes vías de comunicación que o atravesan, o que lle permite situarse a pouca distancia de cidades coma Santiago, A Coruña e Lugo.

Actualmente a estrutura socioeconómica do concello de Guitiriz fundaméntase nun sector primario baseado na gandería e na madeira, cun sector secundario dominado polas explotacións de canteiras, cerámica, madeira e materiais de construción e, por último, o sector de servizos representado na hostalería, no pequeno comercio e no turismo.

*A toponimia na Terra Chá lucense no Concello de Guitiriz*

Guitiriz é un concello fundamentalmente agrícola e gandeiro. Nos últimos anos, o seu carácter eminentemente gandeiro rompe co minifundismo ante a necesidade das explotacións gandeiras de grandes pasteiros. Tamén se crearon grandes plantacións forestais nos montes comunais que foron cedidos. Estes elementos serán determinantes dunha perda de referencias toponímicas.

Deste xeito, as xeracións máis novas para referirse ás zonas dedicadas a plantacións forestais só utilizan o nome da Forestal, mentres que entre as xeracións máis vellas (de 60 anos para arriba) os nomes tradicionais aínda seguen moi vivos.

A perda toponímica, aínda que dun xeito menos brusco, tamén é causada pola gandería que fai que os tradicionais *coutlos* ou *agros*, divididos en *leiras*, *leiros*, *curtiñas*... de varios veciños pasan agora a seren grandes pasteiros con un ou dous propietarios, o que leva a que xa non sexa necesaria a utilización de tantos nomes.

A dispersión da poboación condiciona a selección dos informantes e actúa como determinante na súa elección ante a falta de coñecedores do territorio. Para entender isto hai que ter moi presente o gran número de aldeas que están compostas por só unha ou dúas casas habitadas.

De toda a toponimia recolleita (uns 5.000 topónimos) pódese facer unha clasificación segundo a súa orixe; deste xeito pódese falar de:

- Orotopónimos, é dicir, aqueles nomes de lugar que teñen que ver co relevo e coa constitución do terreo (*O Agro, A Areosa, O Barreiro, O Campo, O Chao, A Costa, O Coto, A Cova, A Curtiña, O Foxo, A Lameira, O Leira, O Leiro, A Louseira, O Outeiro, A Pena, O Penediño, O Penedo, O Prado, O Seixo Branco, A Veiga...*), que supoñen máis da metade da toponimia recolleita.
- Toponimia referente a aspectos da vida social, como pode ser a toponimia monumental prehistórica (*A Anta, O Castro, A Furna, A Modia, A Torre...*), os núcleos de poboación e vivenda humana (*Vigo, O Vilar, O Vilarinho...*), os espazos da casa e da aldea (*A Aira, O Curral, O Forno, O Mulhão ...*) etc., que supoñen o 10% do total dos topónimos.
- Fitotopónimos, é dicir, nomes de lugar derivados de nomes de plantas, como por exemplo *A Carballeira, O Budial da Lagoa, Os Loureiros, O Codeso, Xestoselo, Xestelas...* Son o 10% dos topónimos.
- Topónimos referidos a vías de comunicación: *O Camiño Francés, O Camiño da Misa, O Camiño Real, A Corredoira, A Pontella...* Supoñen o 10% da toponimia recolleita.
- Hidrotopónimos, que son aqueles topónimos que teñen que ver coa auga, con ríos, augas estancadas...: *A Fonte Branca, O Illó, A Lagoa, A Picha, O Pozo Rulao, O Rego da Veiga Branca, O Río de Labrada...* Significan o 8% dos topónimos recolleitos.

Fernando Vázquez López

- Zootopónimos, que son aqueles nomes de lugar que teñen que ver con animais. E así aparecen topónimos como: *Galiñeiro, O Grueiro, A Gulpilleira, As Lobeiras, A Raposeira...*, que conforman o 3% do total dos topónimos.
- Topónimos de Situación, como son *Entre-las Veigas, O Sumuro, O Sucoutlo, Trasparga...* non chegan ó 2% do total dos topónimos.
- Antrotopónimos, que son os topónimos procedentes de nomes de persoas, como son *O Bernaldo, Berulfe, O Buriz, Mariz...* (de orixe xermánica) ou *Xove Novo e Xove Vello* (de orixe latina), que apenas significan o 1% dos nomes de lugar recolleitos.
- Haxiotopónimos, que son os nomes de lugar relacionados con nomes de santos ou co mundo eclesiástico en xeral, como son: *San Cibrao, A Capela, A Eirexe, A Ermida, Os Grisarios...* Non supoñen nin o 1% do total dos topónimos.
- Topónimos de orixe incerta, como por exemplo *Carelo, Cece, A Culña...*, apenas supoñen o 2% do total.

## 2. A enquisa

A documentación que se utiliza como apoio para a recolleita da toponimia son os mapas topográficos 1:25000 do I.X.N., ademais dos mapas catastrais.

Neste cancello o informante tipo é un varón entre uns 60 e 75 anos, que viviu sempre no lugar e que se dedicou ó longo da súa vida á agricultura mesturada coa gandería. O mellor método para contactar cos informantes é ir por medio de alguén que sexa da súa confianza e que xa lles fale do que se pretende co traballo. Procurase na recolleita da información facelo «pasando por riba das terras», método que leva máis tempo, pero que asegura unha máis fiable colocación dos topónimos no mapa e un maior número de topónimos recollidos.

Á hora de anota-los topónimos, un dos problemas máis grandes que poden xurdir, nalgúns topónimos, é o de determinar se deberían ou non levar artigo. Hai topónimos nos que a presenza ou ausencia do artigo está moi clara, como por exemplo: *Sete Carballos, Xestoselo, O Campo, A Braña*, pero hai outros moitos casos, como sucede cos topónimos compostos que teñen a palabra *Roza*<sup>1</sup> como primeiro elemento, nos que o uso ou non uso do artigo non está moi claro; hai persoas que si o utilizan, mentres que outras omíteno. En tódolos casos trátase de respectar a forma que eles dicían e preferindo non uniformar criterios en favor da ausencia ou da presenza do artigo.

Outro tipo de dúbida que xorde moi a miúdo é a de escribir xunto ou separado topónimos compostos por máis dun elemento como son: *A Mama da Uz / A Mamadauz, A Fonte Branca / A Fontebranca, O Porto Pedrás / O Portopedrás, A Veiga Branca / A Veigabranca, O Lugar Vello / O Lugarvello, O Teito Longo, O Teitolongo, A*

*A toponimia na Terra Chá lucense no Concello de Guitiriz*

*Fonte Verde / A Fonteverde, Fonte Ouro / Fontouro, Súa Mota / Suamota, O Porto Vello / O Portovello...*

**3. Aspectos lingüísticos na toponimia do concello de Guitiriz**

O galego falado no concello de Guitiriz está dentro do que F. Fernández Rei (1990) denominou Bloque Central. Non se pode falar dunha lingua uniforme, xa que o concello de Guitiriz rexistra unha gran variedade dialectal como amosa o feito de que existan zonas onde a gheada está moi enraizada, outras nas que tende a perderse e outras nas que hai unha total ausencia deste fenómeno lingüístico.

No caso da toponimia, a gheada só aparece nos topónimos daquelas zonas onde a gheada está moi enraizada.

En canto ó fenómeno do seseo, cómpre sinalar que ten unha escasa presenza no concello de Guitiriz, e o seu reflexo na toponimia é practicamente inexistente.

Algúns trazos fonéticos propios da lingua deste concello que afectan tamén á súa toponimia son:

- *A harmonización vocálica*, que se dá en nomes comúns como *coitlo, buqueira...*, de onde xorden topónimos como *O Coitlo do Bernaldo, A Buqueira da Leña...*
- *A asimilación e a disimilación*. A asimilación que consiste na influencia dunha vogal tónica sobre outra átona, e dáse en topónimos como *O Zarrado, O Pilreo*, etc.
- *A disimilación*, que é xusto o proceso contrario, aparece en numerosos topónimos como *Guetriz, O Tarreo, Riatorto*, etc.
- O fenómeno da *metátese*, que consiste nun cambio fonético por transposición, aparece en topónimos como *O Perleo, O Pilreo*, etc.
- Un feito singular na toponimia de Guitiriz é o uso da *segunda forma do artigo* coa preposición *entre* en topónimos coma *A Roza de Entre-los regos, A Roza de Entre-la Veiga* ou *Entre-las Casas* que é, sen dúbida, resto do uso da segunda forma do artigo coa preposición *entre* (<INTER) no galego medieval, que aínda que non se conservou no galego falado si se conservou na toponimia.

Entre os topónimos máis frecuentes están *A Curtiña / Cortiña* ou *A Aira / Eira* —sendo moito máis usadas as variantes *Curtiña* e *Aira*— que son topónimos presentes alí onde existe unha casa. Entre os topónimos máis abundantes tamén aparecen *O Agro, O Campo, O Coitlo / Coutlo<sup>2</sup>, A Leira, O Leiro, O Prado, A Rega, O Terreo / Tarreo* ou *A Veiga*, que soen levar un acompañamento, como por exemplo sucede en nomes de lugar coma: *O Prado de Baixo, O Agro de Berulfe, O Leiro do Loureiro, A Leira de Baixo...*

No grupo dos topónimos relacionados coa auga cómpre destacar os creados mediante as fórmulas *O Río de..., O Rego de..., O Cal..., O Calexo de...* (Ex: *O Río*

Fernando Vázquez López

de *Labrada, O Rego da Veiga Branca, O Cal das Cambas...*) que son especialmente abundantes. Non menos importantes son os nomes de lugar relacionados cos pasos nos ríos ou regos como son *A Ponte* ou *O Porto*, acompañados case sempre dun segundo elemento como acontece en topónimos coma *A Ponte Nova* ou *O Porto Barroso*, pero tamén poden aparecer só: *A Ponte* e *O Porto*.

O nome de lugar *A Ponte* normalmente refírese a pasos nos ríos ou regos por onde hai unha construción, mentres que o topónimo *O Porto* acostuma a referirse a aqueles lugares dos ríos ou regos polos que non discorre moita auga e se poden atravesar sen que sexa necesaria ningunha construción.

Para referirse a lugares onde nace a auga rexístranse xenéricos coma *fonte, illó, ichó, manancial, picha* ou *pozo*, que dan topónimos coma *A Fonte de Xestoselo, O Illó dos Cales, A Picha, O Pozo Rulao...*

No referente ós camiños, hai que sinalar a existencia de abundantes camiños da misa, así como camiños reais, camiños franceses...

Respecto dun tipo de resto arqueolóxico como son as *modias*, chama a atención a grande variedade de nomes que se rexistran na toponimia para referirse ós lugares onde hai ou houbo este tipo de construcións, así temos lugares como: *A Medoña, A Medorra, A Mámoa* ou *A Modia*. En moitos casos, estes lugares non distan moito os uns dos outros.

Unha peculiaridade desta zona é o uso da palabra *carballo* para referirse non só á árbore coñecida cientificamente como *Quercus Rober*, senón que é utilizada como xenérico para referirse a calquera planta de tronco leñoso que se ramifica a unha certa altura, formando logo unha copa. É dicir, que a palabra *carballo* é utilizada como sinónimo de árbore.

#### 4. Xenéricos

##### *Accidentes terrestres:*

- *Camba* s.f.: Sector da superficie terrestre, situado entre dúas elevacións do terreo, que está a un nivel máis baixo.
- *Monte* s.m.: 1. Elevación natural do terreo. 2. Terreo inculto cuberto de mato: toxos, xestas, árbores... 3. *M. Bravo*, peza de terreo do monte comunal que, dada a súa mala calidade, queda sen repartir. 4. *M. Comunal*, terreo que pertence a tódolos veciños dunha parroquia ou dun lugar.
- *Conda* s.f.: Parte máis elevada dunha serie de montañas enlazadas entre si.
- *Fondal* / *fundal* s.m.: Terreo situado máis baixo que os que o rodean, de boa calidade e destinado a labrado ou prado.
- *Lomba* s.f.: Elevación do terreo de pequenas dimensións.
- *Lombo* s.m.: Pequena elevación do terreo.
- *Outeiro* s.m.: Elevación do terreo de pequenas dimensións.

*A toponimia na Terra Chá lucense no Concello de Guitiriz*

- *Pena* s.f.: Pedra de grandes dimensións que sobresa da superficie da terra.
- *Penedo* s.m.: Pedra de grandes dimensións unida ó chan.
- *Pico* s.m.: Parte máis elevada dun monte rochoso.

*Nomes de terras de labranza:*

- *Agro* s.m.: Conxunto de leiras cercadas.
- *Aro* s.m.: Terreo do monte comunal que é tomado para ser labrado.
- *Coitlo* / *coutlo* s.m.: Terreo no que se xuntan parcelas de distintos veciños, e que antigamente eran terras de labranza, pero que hoxe son maioritariamente prados. O uso da forma *coitlo* é moito máis restrinxido que o da forma *coutlo*, que aparece de maneira xeral en todo o concello
- *Cortiña* / *curtiña* s.f.: Terreo de moi boa calidade, próximo á casa e dedicado a labranza. Tódalas casas acostuman ter unha ou varias cortiñas. É moito máis frecuente a forma *curtiña*, que se rexistra na práctica totalidade do concello, fronte a *cortiña* que só aparece esporadicamente
- *Leira* s.f.: Terra de labranza.
- *Leiro* s.m.: Leira pequena.
- *Tarreo* / *terreo* s.m.: lugar de grandes dimensións destinado ó cultivo.
- *Tenza* s.f.: terreo de pequenas dimensións dedicado a labranza ou a monte.

*Nomes de terras de pradaria:*

- *Boedo* s.m.: Terreo baixo e pantanoso, situado á beira dun río ou dunha corrente de auga.
- *Braña* s.f.: Terreo baixo e con moita humidade onde nace a auga.
- *Campo* s.m.: Terreo no que medra a herba de forma natural.
- *Camposa* s.f.: 1. Lugar onde medra a herba espontaneamente. 2. Pasteiro pequeno.
- *Chousa* s.f.: Terreo cercado, normalmente dedicado a prado.
- *Gándara* s.f.: Terreo baixo e pantanoso de grandes dimensións situado á beira dun río ou dunha corrente de auga.
- *Lameirón* s.m.: Terreo húmido dedicado normalmente ó pasto.
- *Lisca* s.f.: terreo de pequenas dimensións dedicado normalmente a prado ou labranza.
- *Pradella* s.f.: prado pequeno, que pode ser de varios propietarios e que normalmente ten auga.

Fernando Vázquez López

- *Prado* s.m.: Lugar onde medra a herba que se sega para dar alimento ó gando ou se destina ó pasto. É o nome xenérico máis usado nesta zona.
- *Rega* s.f.: Terreo regado artificialmente.
- *Veiga* s.f.: Terreo baixo, amplo e fértil, situado á beira dun río ou corrente de auga, dedicado normalmente a pasteiro.

*Nomes de terras de arboredo ou arbustos:*

- *Budial* s.m.: Lugar onde abundan os *budios*, que é a forma dialectal que se utiliza nesta zona para os bidueiros.
- *Carballeira* s.f.: lugar poboado de carballos.
- *Carqueixal* s.m.: Lugar onde abundan as carqueixas.
- *Codeseira* s.f.: Sitio onde abundan os codesos.
- *Fraga* s.f.: Terreo con todo tipo de árbores nadas espontaneamente.
- *Pinar* s.m.: Lugar plantado de piñeiros. A forma non é aceptada como normativa e no canto propónse a forma piñeiral.
- *Pudieira* s.f.: Lugar onde abundan as pudias.
- *Xesteira* s.f.: Terreo onde hai moitas xestas.
- *Xuncal* s.m.: Terreo abundante en xuncos.

*Nomes de canles de auga:*

- *Cal* s.m.: Corrente de auga que discorre entre dúas elevacións do terreo.
- *Calexo* s.m.: Curso de auga que discorre entre dúas elevacións do terreo.
- *Regato* s.m.: Curso de auga pouco abundante.
- *Rego* s.m.: 1. Curso de auga. 2. Canalización pola que se guía unha corrente de auga.
- *Río* s.m.: Corrente de auga moi voluminosa.

*Nomes de vías de comunicación :*

- *Camión* s.m.: Espazo de terreo que se usa para ir dun sitio a outro.
- *Carretera* s.f.: Camión ancho e asfaltado, normalmente de dobre dirección, destinado á circulación de vehículos. *Carretera* é un castelanismo. Para referirse a este tipo de vía no galego úsase a forma *estrada*.
- *Corga* s.f.: Camión que discorre pola parte máis elevada dun monte.
- *Corredoiro* s.f.: Camión estreito e sen asfaltar.
- *Pista* s.f.: Camión estreito e mal asfaltado.

*A toponimia na Terra Chá lucense no Concello de Guitiriz*

*Outros nomes xenéricos:*

- *Aira l eira* s.f.: Chan pavimentado, próximo á casa labrega, que se utilizaba fundamentalmente para a malla. Esta forma é minoritaria, e só se rexistra nunha pequena franxa no sudoeste do concello de Guitiriz
- *Bouza* s.f.: Terreo de moi mala calidade, normalmente inculto.
- *Cudeitallo* s.m.: Pequena parte do monte onde non nace a vexetación.
- *Insua* s.f.: Nas parroquias de Labrada e O Buriz, todo o territorio está dividido en insuas que son espazos que varían en canto á súa extensión e que son de bastantes propietarios. Ó que se dediquen estes territorios, ben sexa monte, prado, arboredo..., non importa xa que calquera parte do territorio destas dúas parroquias pertence a unha insua. Estas parroquias, antigamente, pertencían ó mosteiro de Monfero, que tiña as súas posesións divididas en insuas; cada insua pertencía a un grupo de veciños ós que se lles asignaba para a súa labranza unha parte da mesma que recibía o nome de *roza*. Deste xeito, a cada casa podíanselle arrendar unha ou máis rozas polas que tería que pagar unha renda ó mosteiro.
- *Pago* s.m.: Terreo que recibe unha algunha persoa ou institución en compensación por algunha débeda.
- *Revolta* s.f.: Terreo de monte de grandes dimensións. Probablemente foran terreos de monte nos que, nalgún tempo, se sementou algún tipo de cereal, pero non houbo ningún informante que confirmase isto.
- *Rocello* s.m.: Terreo pequeno e cercado.
- *Roza* s.f.: Nome que recibe cada unha das partes nas que se divide unha insua. Na miña opinión, antigamente todo o territorio estaba dividido en insuas e estas á súa vez en rozas, pero conforme se van traballando as terras, vánselles dando novos nomes, que fan que se vaian esquecendo os antigos nomes das rozas e das insuas. (Véxase INSUA).
- *Xuro* s.m.: 1. Peza de monte abandonado. 2. Terra arrendada que produce un capital.

NOTAS

1. Véxase a definición de *roza* no apartado 4. *Corónimos do concello de Guitiriz* deste artigo.
2. A forma *coutlo* aparece na toponimia de Guitiriz de maneira moito máis frecuente que *coitlo*, que só aparece de xeito esporádico.



## A TOPONIMIA NA COMARCA DE SARRIA

Oscar Castro Castedo  
*Filólogo. Técnico de Campo do Proxecto Toponimia de Galicia*

A comarca de Sarria, situada no centro sur das terras luguesas e cunha paisaxe dominada por unha intensa poboación de pequenas aldeas con menos de cincuenta habitantes, as praderías denotan o predominio do sector gandeiro na súa economía. Este último aspecto será o determinante nunha intensa transformación no uso de solo que implica unha certa concentración das parcelas que se deixará translucir na perda de grande parte da toponimia. Non obstante, a intensa humanización do territorio explica os máis de nove mil topónimos recollidos nesta zona.

### 1. Toponimia e territorio

O concello de Sarria cuns trece mil habitantes é unha importante cabeceira comarcal que practicamente acolle máis do 22% da poboación da comarca. A gran cantidade de núcleos de poboación amosa o seu espallamento, onde dominan as aldeas de pequeno tamaño.

Concello	Superficie km <sup>2</sup>	Parroquias	Entidades	Entidade <50 hab	Topónimos
Sarria	184,56	49	262	236	8.840

Sarria está situado nun fértil val cruzado por unha importante rede fluvial formada por ríos ou regatos de pouco percorrido, nados nas zonas montañosas que bordean o val, a maior parte dos cales desembocan no río Sarria que lle dá nome á poboación.

Na súa actividade económica ten un papel determinante o sector primario, dominado pola produción gandeira. Así e todo, a situación das súas boas comunicacións (servizo ferroviario e conexión por estrada con Lugo, Monforte ou Becerreá) serviu para que Sarria se convertese nunha das vilas máis prósperas do interior da provincia, cun importante tecido industrial e comercial.